



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA N.º 11/2016 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 24 DE NOVEMBRO DE 2016

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
- I.3.- PUNTO DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA
- I.4.- PLAN DE CONTROL DE VERTIDOS
- I.5.- SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO
- I.6.- PROGRAMA "XANTAR NA CASA"
- I.7.- PARCELA NA RAMALLOSA.
- I.8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UCN SOBRE XESTIÓN E RECADACIÓN DAS SANCIÓNS DE TRÁFICO
- I.9.- TRANSFERENCIA DA AP-9 E LIBERALIZACIÓN DA PEAXE DA AG-57
- I.10.- MOCION DE URXENCIA:
APLICACIÓN DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS AO TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA, ANOS 2013 E 2014

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D. Modesto Martínez Sienes
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 24 de novembro de 2016
- *Lugar de celebración:* Salón de Actos do edificio administrativo anexo á Casa Consistorial (a causa das obras de remodelación da planta baixa da Casa Consistorial) .
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:01
- *Hora de remate:* 23:50
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia: D.^a Liliana Silva Pequeño auséntase ao comezo do punto de rogos e preguntas.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 27 de outubro de 2016

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 27 de outubro de 2016 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 16 de novembro de 2016, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as 62 facturas por importe total de 50.875,17 euros, non contabilizadas nen pagadas e referidas a obrigas líquidas, vencidas e presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán que contan con sinaturas de conformidade de varios concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán, e que corresponden a gastos realizados carecendo de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Tendo en conta que o Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 27.10.2016, aprobou inicialmente os expedientes administrativos de modificación de crédito 23/16 mediante créditos extraordinarios por importe de 4.072,75 euros, e 24/16 mediante suplementos de crédito por importe de 47.853,42 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016; modificacións de crédito destinadas integramente a financiar recoñecementos extraxudiciais de créditos por importe de 51.926,17 euros.

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago 62 facturas conformadas correspondentes a obrigas non prescritas.

Tendo en conta a necesidade de non afectar negativamente ao período medio de pago a provedores, así como á estabilidade orzamentaria.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno:

PRIMEIRO: *Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 15.11.16, referencia T 190/16 .*

SEGUNDO: *Declarar esixibles as obrigas correspondentes a 62 facturas conformadas e non prescritas por importe total de 50.875,17 euros indicadas nas relacións unidas a esta proposta; aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os gastos citados con cargo aos créditos orzamentarios que estén dispoñibles nas correspondentes aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2016 unha vez aprobados definitivamente e en vigor os expedientes administrativos de modificación de crédito 23/16 e 24/16.*

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica a proposta e alude a facturas retiradas por recomendación do Interventor. O positivo é que se traen no propio exercicio.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Xa manifestaron o seu desacordo no Pleno anterior. Falta rigor en determinados gastos, aínda que agora se retiran algúns. Tamén faltan explicacións e argumentos, sobre todo en certos aspectos, como o da contratación dunha avogada. Hai incluso dúbidas sobre se certos traballos se fixeron ou se produciron determinados subministros. Non van votar o expediente.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: O Alcalde comprometeuse a darlles a información aclaratoria. Hai deficiencias que requiren tal aclaración e apréciase descontrol no gasto. O crédito previo é necesario. Absteranse para no prexudicar a terceiros.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Recorda a súa abstención anterior. Resolverlle o problema aos provedores é positivo. Iso non quita que sexa necesario aclarar e concretar certos extremos. Non entorpecerá o proceso e absterase.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Critica que se recorra a este sistema



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

extraordinario con excesiva frecuencia. As modificacións deben preceder aos gastos. Son basicamente facturas de vías e obras. Ese material debería ter unha partida suficiente. Ademais, non consta autorización previa do gasto, o que non lle parece admisible. O Concello ten responsabilidade tamén naquelas que se retiran agora na proposta.

Sr. Alcalde-Presidente: O orzamento é unha previsión que moitas veces non se axusta no día a día ás diversas necesidades. Nin se pode asegurar que poida volver a ocorrer. Aceptan as críticas porque as entenden, aínda que non é fácil acertar nas previsións.

Sr. Valverde Pérez: Hai que limitar ao máximo este instrumento. A solución está en ir facendo as modificacións de crédito necesarias. A culpa non é dos provedores, senón de quen non segue a orde correcta nos trámites. O Alcalde sábeo perfectamente, porque ten aprobado máis de 20 modificacións do orzamento.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
 - Votos en contra: Ningún.
 - Abstencións: 4; Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Os seis integrantes do grupo Popular non votan.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3.- PUNTO DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2016, ditaminou favorablemente a seguinte moción presentada polo concelleiro do grupo municipal Popular, D. Modesto Martínez Sienes.

ANTECEDENTES

Nos últimos anos aprobáronse unha serie de leis cuxo fin entre outros motivos é basicamente axilizar a administración e minimizar a burocracia de moitos procedementos, entre elas A Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos e Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en cuxo 1 punto da exposición de motivos sublíñase o seguinte "A necesidade de que as administracións públicas traballen medidas concretas para fomentar o emprendemento e apoiar ás persoas emprendedoras como axentes dinamizadores da economía en Galicia (. ..)".

Un dos fins destas leis é axilizar a administración e achegarse ao cidadán, para evitar demoras e exceso de burocracia na tramitación de, entre outros, os expedientes urbanísticos para obras e/ou actividades.

En concreto e no relativo ás licenzas de apertura e actividade, e de obras de escasa entidade, pretendíase adoptar medidas que acurtasen os tempos das licenzas para que en tempos razoables poder actuar e/ou iniciar actividades e obras. Isto materializouse con novos modelos e formularios de solicitude (como as declaracións responsables e as



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

comunicacións previas) destas actividades e obras, enfocados a axilizar a tramitación destes, e sobre todo acurtar os períodos de tempo de resolución. Iso non supón en ningún caso e como non pode ser doutra maneira, unha diminución no cumprimento da lexislación vixente.

Trátase de corresponsabilizar aos usuarios ou promotores das iniciativas para que a cambio de acurtar os prazos de tempo para iniciar as actividades e/ou obras, estes comprométanse a facelo conforme á lei e normativas vixentes.

Pero todas estas iniciativas e medidas enfocadas a axilizar a administración deben ir acompañadas por iniciativas nos propios concellos achegando ao persoal aos veciños nunha relación máis directa, estreita e continua. As persoas, neste caso, funcionarios e persoal laboral, son intermediarios coñecedores dos procedementos e a burocracia implícita nos mesmos. O concello, por tanto, debe achegarse ao veciño por medio destas persoas e estas deben ser conscientes (máis se cabe) do servizo que prestan aos seus conveciños. Por iso debe ponderarse o tempo e os recursos a disposición dos veciños e en particular facilitar unha atención adecuada e sobre todo didáctica. Todos somos en maior ou menor medida uns discapacitados ante a administración e o que esperamos é que as persoas interlocutoras facilítennos a súa colaboración, proximidade e axuda, aínda que non sexa a súa obriga, ou entre dentro da súa competencia.

Preténdese centrar o debate precisamente nesa interlocución para que sexa o máis dinámica e explícita, e no caso concreto deste concello, de abrir máis ao veciño o contacto con todo o persoal, pero en particular coa persoal da área de urbanismo. A día de hoxe, os veciños de Nigrán só dispoñen de 1 día de atención á semana para cuestións relacionadas co urbanismo.

A pesar da aínda escasa actividade xerada en relación co urbanismo, é innegable que existen multitude de consultas e dúbidas que poderían resolverse sen necesidade de apurar os tempos de espera semanais e de consumir citas cos técnicos especialistas, que poderían ser resoltas de maneira máis áxil e rápida por persoas do propio departamento que contan con formación e información máis que suficiente. Estamos a falar de consultas sobre trámites para solicitar obras menores, de inicios de actividade, de localización de parcelas sobre o plan, sinalización de ordenanzas

Achegar a administración ao veciño, colaborando, axudando, educando e asesorando.

Ademais coincide no tempo a oportunidade desta moción co inicio da eloxiable iniciativa para as imprescindibles obras de reforma da planta baixa e de acceso do concello, onde o obxectivo é eliminar todas as barreiras físicas e dar un paso na dirección de fomentar a accesibilidade universal a todos os veciños aos seus edificios públicos.

PROPOSTA

En base ao exposto e co fin de achegar de maneira efectiva determinados actos ao veciño propónse a creación do que podería chamarse PUNTO DE INFORMACION URBANISTICA.

Trataríase de crear un punto de atención en materia de urbanismo na planta baixa do concello, habilitando un espazo en consonancia coas obras de reforma que se están



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

realizando, e que puidese atender todos os días da semana nun horario para convir cos responsables. A pretensión é que fose parte do persoal do departamento (polo seu alto grao de coñecemento), quen de maneira rotativa atendese nesa área ou posto de atención, previa análise interna das posibilidades e dispoñibilidade.

É obvio e fóra de discusión que antes de adoptar calquera tipo de decisión respecto diso, o equipo de goberno debería consultar e establecer unha rolda de contactos cos responsables do departamento, e que en consenso expóñase a viabilidade da proposta.

Insisto. O fin último desta proposta é apoiar e achegarse ao veciño que moitas veces non sabe como e onde dirixirse e, que ao final, ou ben desiste das súas iniciativas, ou acaba resolvendo por fóra pagando servizos a xestores e/ou técnicos por cuestións nalgúns casos de extrema sinxeleza.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Modesto Martínez Sienes, do grupo Popular: Explica a filosofía da súa proposta plasmada na exposición de motivos da moción á que lle da lectura. Proponse a creación no Concello dun punto de información urbanística.

Sr. Alcalde-Presidente: Remitiúselles un correo electrónico aos corporativos cun informe do Arquitecto.

D. José Cuevas Raposo, do grup Nigrán Decide: El recibiu o correo e viu esta tarde. Pensa que se están forzando os tempos en prexuízo dos corporativos. Xa pasou noutras ocasións. Anuncia que se absterán. Hai cousas interesantes no informe, como a implantación da sede electrónica e a inserción de modelos na web. Tamén se debe potenciar o servizo de información, segundo o Arquitecto.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Coincide co portavoz de Nigrán Decide. É unha carencia do Concello, en urbanismo e en xeral. A potenciación da tramitación telemática é fundamental. Non ten coñecemento dese informe do Arquitecto. Xa fallou a información na tramitación do PXOM, na fase de información pública.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: O Arquitecto considera ineficiente a proposta, habendo outras alternativas mellores, ao tempo que sinala as carencias. Hai cousas que xa se poden facer, como facilitar formularios na páxina web, ou a formación do servizo de información xa existente sobre determinados trámites. Podería quedar o asunto sobre a mesa, dado que o proponente non coñece o informe.

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: O informe mandouse cando estivo dispoñible. Están satisfeitos da forma coa que se está xestionando a información de urbanismo. A web vaise cambiar. Nela xa hai formularios e incluso está o PXOM en trámite. O informe desaconsella o desprazamento proposto e dá alternativas.

Sr. Martínez Sienes: A moción presentouna con antelación. Non critica o funcionamento da oficina. A proposta vai na liña de informar ao cidadán que non sabe que facer. En moitos casos basta cun bo formulario.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Sr. Cuevas Raposo: O fondo da moción enténdese. A responsabilidade do goberno é obter o informe con antelación. Poucos resultados dos que anuncia o goberno se aprecian.

Sr. Fernández Comesaña: O traballo de modernización está pendente. Non é razoable que se emita o informe ás portas do Pleno. A mellora non parece que pase por asumir a proposta, senón por potenciar certos aspectos da organización. Absterase.

Sr. Rodríguez Fernández: Os formularios na web proponos o Arquitecto. A mellora na eficacia viría segundo o técnico por outros medios. Se se aproba o PXOM as necesidades aumentarán. Absterase.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PP.
- Votos en contra: 7; PSOE.
- Abstencións: 4; Nigrán Decide, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta.

I.4.- PLAN DE CONTROL DE VERTIDOS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2016, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo voceiro do grupo municipal Nigrán Decide.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para o noso grupo, a conservación do noso litoral e do medio ambiente é fundamental, polo que precisamos unha sociedade e un concello que impulse o desenvolvemento humano, un territorio que cumpra as súas funcións ambientais e unha relación dos seres humanos coa natureza que garanta a integridade dos ecosistemas, neste caso do litoral e os ríos de Nigrán.

Como consecuencia desta preocupación durante este mandato temos realizado diversas iniciativas no pleno como foron informar do feito descoñecido polo equipo de Goberno da necesidade de fiscalizar especialmente o mantemento e conservación da infraestrutura do Servizo de Saneamento, esixindo as correspondentes reparacións, ao obxecto de mantela mesma no mellor estado até a finalización do contrato.

Tamén lle solicitamos os plans de mantemento de equipos, instalacións electromecánicas e obra civil e conducións, de conformidade co establecido no anexo IV do Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, plans descoñecidos polo Concello até que foron solicitados polo noso grupo municipal.

En numerosos plenos expuxemos ao goberno municipal a necesidade de elaborar un plan de control de vertidos de auga, que de diferente procedencia, se detectan non noso litoral e nos nosos ríos.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Das respostas recibidas polo Goberno Municipal ponse de manifesto que non existe unha planificación por parte do Goberno Municipal para tratar de arranxar este grave problema. A actuación do Goberno Municipal parece que está guiada polas casualidades, as peticións do de colectivos ecoloxistas ou do noso grupo e a improvisación.

De feito, e segundo a 5ª campaña de inspeccións que dentro do marco do Plan de Control de Vertidos de Augas de Galicia realiza en Nigrán identifica 9 puntos de vertido no litoral de Nigrán, cualificados como de “maior relevancia”, dos que son coñecidos desde polo menos o ano 2011. Entre outras posíbeis causas de ditos vertidos están o baleirado de fosas sépticas, fugas da rede de saneamento, aliviadoiros da rede de saneamento conectados redes de pluviais. Tamén nese documento pónese de manifesto que para algúns vertidos, coñecidos desde hai anos polas autoridades municipais, non se lle adoptaron medidas para erradicalos, limitándose dito plan a analizalos.

Pero non son eses 9 puntos de vertidos os existentes en Nigrán. Existen ademais mais puntos no litoral de Nigrán, que verten augas presumiblemente contaminadas ao litoral, de forma continua, periódica ou esporádica.

O grupo Municipal de NIGRÁN DECIDE é consciente que este é un problema grave para Nigrán e que non ten unha solución sinxela, sendo necesarias actuacións de diversas administracións e empresas as que se lle privatizaron servizos públicos relacionados co saneamento. Actuacións que van a requirir un estrito control sobre estas empresas xestoras de servizos privatizados, fortes investimentos en infraestruturas, modificacións dalgunha ordenanza municipal, así como o establecemento duns sistema de vixilancia e control dos nosos ríos e litoral.

Par elo, consideramos que toda esta actividade debe de ser planificada mediante a elaboración dun plan de control de vertidos onde se fixen uns obxectivos, se realice un diagnostico da situación mediante unha inspección do noso litoral, recollida de información, para posteriormente realizar un programa de actuación para eliminar os vertidos do noso litoral e ríos. Dito Plan deberá levar asociado unha dotación orzamentaria.

Polo exposto, o Grupo Municipal NIGRÁN DECIDE propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. O pleno insta ao Alcalde e ao Equipo de Goberno a elaborar un plan de control de vertidos antes do 31 de xaneiro de 2017 que inclúa:

- O cumprimento dunha maneira transparente do Decreto 141/2012 polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, por parte da entidade xestora e das persoas usuarias que non teñan sistemas propios de tratamento das augas residuais, para o cal deberán establecerse as medidas de control e inspección necesarias.

- Un control e real e efectivo dos mantemento da rede de saneamento por parte do Concello,
- Un programa de vixilancia e de control dos ríos e litoral, no que se inclúa a súa análise, así como de todos aqueles vertidos que hai en Nigrán.
- Un programa de inspeccións sobre aqueles vertidos que realmente vertan



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

directamente ao litoral ou os ríos, por non ter teñan sistemas propios de tratamento das augas residuais nin estar conectados a rede de saneamento ou por non realizar un mantemento adecuado dos sistemas de depuración propios.

- Unha investigación pública das características, do funcionamento e do uso da EDAR de Nigrán dende a súa entrada en funcionamento ata hoxe e sobre todo, na última década.

- O establecemento de cantas medidas sexan necesarias (sistemas telemáticos) para a detección e control dos vertidos realizados a partir da rede de saneamento, por exemplo a partir dos aliviadoiros dos correspondentes sistemas de bombeo instalados no concello de Nigrán.

2. O pleno insta ao Alcalde e ao Equipo de Goberno para poder levar a cabo dito plan se dote dunha partida orzamentaria o orzamento do Concello de Nigrán denominada "Plan de control de vertidos" ou empregue recursos doutras partidas do programa 170 dedicado ao medio ambiente, a sí como a facer publico un informe de seguimento semestral deste Plan de Vertidos .

3. O pleno insta ao Alcalde e ao Equipo de Goberno a someter a exposición pública todos os datos e proxectos que teñan influencia no saneamento, nomeadamente o titulado Acondicionamento Integral e Actuacións Complementarias nas marxes do Río Muíños."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Resume a proposta. É unha cuestión que lle preocupaba ao actual alcalde cando estaba na oposición. O problema é complexo, pero dista moito de estar solucionado. Recorda as súas peticións nesta materia e as inxerencias expresadas en diversos plenos. Alude aos aspectos da parte dispositiva da súa proposta de acordo.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Recolle unha necesidade do Concello e un problema que ten que ver coa deficitaria rede de pluviais. Hai moitos puntos negros. O prazo ao mellor é moi esixente. A cuestión require atención. Votará a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Está de acordo coa proposta. A información previa é necesaria. Ao mellor o prazo é difícil de cumprir.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Tamén está favor. Houbo actuacións nesta liña no pasado, pero hai que planificar as iniciativas de cara a preservar o medio privilexiado que temos. Apoiarán a iniciativa.

Sr. Alcalde-Presidente: Hai cuestións que competen á Xunta de Galicia o que complica a xestión. O prazo será insuficiente. A sensibilidade a teñen e votarán a favor.

Sr. Cuevas Raposo: Hai competencias da Xunta pero ao Concello nada lle impide tomar medidas e pedir a información que se necesite.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.5.- SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2016, ditaminou favorablemente a moción presentada sobre este asunto polo voceiro do grupo municipal Nigrán Decide, que contén a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia establece una serie de dereitos e deberes para as persoas usuarias de ditos servizos, así como define o Sistema Galego de Servizos Sociais.

Dentro da estrutura do Sistema Galego de Servizos Sociais, establécense os servizos sociais comunitarios básicos, que teñen un carácter local, aberto e polivalente e constitúen a canle normal de acceso ao sistema de servizos sociais, co que se garante a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias e aos ámbitos familiar e social, ao que lle asigna una serie de funcións, entre as que están o estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención e a elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.

Ditos servizos sociais comunitarios básicos desenvolveranse desde os centros de servizos sociais polivalentes por medio de equipos interdisciplinares e coa estrutura organizativa que estableza a administración titular do servizo, sen prexuízo dos requisitos e das dotacións mínimas que regulamentariamente se determinen. Actualmente os Servizos Sociais de Nigrán contan con dúas Traballadoras Sociais, unha Educadora familiar e unha Auxiliar de Servizos Sociais, totalizando catro traballadoras, que se corresponden co mínimo persoal co que debe contar unha unidade de traballo e educación social dun concello dunha area caracterizada como semiurbana, como é o caso do Concello de Nigrán, de até 15.000 habitantes, cando Nigrán conta actualmente (1 de xaneiro de 2015) con 17.619 habitantes.

2. Unha das funcións dos servizos sociais comunitarios básicos, segundo Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia é a de información, orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.

Así mesmo en dita Lei estableceuse como un dos deberes das persoas usuarias dos Servizos Sociais o de "Cumprir as normas, os requisitos e os procedementos para o acceso ao sistema galego de servizos sociais", obriga que para poder cumprir por parte de ditas persoas é imprescindible que coñezan as normas, requisitos e procedementos.

O Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia recolle a información referida ás Entidades que desenvolven programas ou son titulares ou



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

xestoras de Centros ou Programas de servizos sociais, nos seguintes ámbitos: maiores, discapacidade, igualdade, infancia, menores, familia, inclusión e servizos comunitarios. O Concello de Nigrán está incluído en dito rexistro co número 679.

O DECRETO 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, indica que entre a Documentación necesaria para a inscrición está a carteira de servizos que vai desenvolver, que constitúe un desenvolvemento pormenorizado da relación xenérica de intervencións, programas, servizos e prestacións para a atención social.

O grupo municipal NIGRÁN DECIDE considera que o cumprimento por parte dos Servizos Sociais de Nigrán do exposto neste punto, debe ser complementado coa elaboración e divulgación dunha guía, onde ademais dos dereitos e deberes das persoas usuarias dos Servizos Sociais de Nigrán, se inclúan tódolos recursos que se ofertan.

4. A lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece como un dos seus principios xerais que as intervencións dos servizos sociais coas persoas e co seu contorno serán abordadas con respecto dos seus dereitos e, en especial, da súa dignidade e intimidade.

Para o NIGRÁN DECIDE no actual emprazamento dos Servizos Sociais de Nigrán, coa sá de espera a vista de todas as persoas que entran e saen do concello, e incluso de persoas que están fora do concello, o Concello de Nigrán non está respectando o dereito a intimidade das persoas usuarias dos Servizos Sociais municipais, nin facilitando o seu acceso aos recursos sociais, co cal ademais non se cumpre unha das funcións dos Servizos Sociais comunitarios básicos previstas na lei.

5. Tanto a Declaración Universal de Dereitos humanos como o Pacto Internacional de Dereitos económicos, sociais e culturais consagraron o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado que lle asegure a ela, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios, debendo os Estados tomar as medidas apropiadas para garantir a efectividade dese dereito.

A prestación da asistencia sanitaria é para una minoría das persoas prohibitiva, tanto polos recursos económicos dos que dispón a persoa, como polo custe dos medicamentos ou dos desprazamentos para recibir a asistencia sanitaria. Este feito fai que determinadas persoas sexan discriminadas no dereito a recibir asistencia sanitaria por razón da súa posición económica, co cal estase a vulnerar, entre outros o artigo 2 da declaración universal dos dereitos humanos.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A intención é mellorar estes servizos. A proposta vai nesta liña. Pretenden aumentar medios persoais e a detección de necesidades. A confección dunha guía dos servizos e recursos obedece a que pensan que hai xente necesitada que descoñece os seus dereitos. Tamén pretenden un cambio de emprazamento do servizo por razóns de intimidade.

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai sitio a onde levar o servizo, se iso se condiciona estarían a favor



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Sr. Cuevas Raposo: Queda xa cunha certa ambigüidade. Non é unha saída inminente.

D^a. M^a. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: O primeiro é un plan de actuación, así evitariase unha actuación coma a do Alzheimer. O da guía é moi axeitado. O emprazamento pode manterse con algunha actuación de illamento visual. O do persoal xa se contemplaba no proxecto de RPT que non se tramitou. Tamén hai problemas cos gastos de asistencia farmacéutica. Votarán a favor.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: É necesario buscar solución para preservar a intimidade. En xeral, o servizo pode mellorar, incluída a atención que se presta.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Tamén está de acordo co enfoque da proposta, empezando por contar coa información necesaria. O da guía é tamén transcendental, de modo que a xente coñeza os requisitos que deben cumprir para acceder aos servizos. Como obxeccións, pensa que deben estar dentro do Concello garantindo a intimidade e que falta fixar prazos. Propón que se estableza como prazo o primeiro trimestre do vindeiro ano.

Sr. Cuevas Raposo: Os servizos da asistencia sanitaria xa están incluídos. Deberían figurar na guía. Aceptan que se poña prazo.

Sr. Alcalde-Presidente: Resume as modificacións propostas.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, modificando certos aspectos da proposta ditaminada, adopta o seguinte ACORDO:

O Pleno Concello de Nigrán insta ao goberno municipal e ao Alcalde a:

- Que se dote ao departamento dos Servizos Sociais de Nigrán, como servizos sociais comunitarios básicos do persoal suficiente para un Concello dunha area Semiurbana de 17.619 habitantes.
- Que se realice un estudo e diagnóstico social no primeiro trimestre de 2017, que implique a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no Concello de Nigrán, a partir do cal elaborárase un plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas.
- Que se elabore no primeiro trimestre de 2017 e se difunda adecuadamente unha guía dos Servizos Sociais de Nigrán, contando co asesoramento do Colexio de Traballadores Sociais de Galicia e co coñecemento dos grupos municipais, onde ademais dos dereitos e deberes (entre os que terá que estar Cumprir as normas, os requisitos e os procedementos, para o cal deberán de existir) das persoas usuarias dos Servizos Sociais de Nigrán, se inclúan tódolos recursos que se ofertan.
- Que, no relativo ao emprazamento, se garanta o dereito á intimidade das persoas



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

usuarias dos Servizos Sociais municipais; e se facilite o acceso aos recursos sociais aos potenciais usuarios de ditos servizos.

I.6.- PROGRAMA “XANTAR NA CASA”

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2016, ditaminou favorablemente a seguinte moción presentada polo voceiro do grupo municipal Nigrán Decide:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto a Declaración Universal de Dereitos humanos como o Pacto Internacional de Dereitos económicos, sociais e culturais consagraron o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado que lle asegure a ela, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial, a alimentación, sen que poda face distinción algunha por posición económica ou de calquera outra índole.

Existen no Concello de Nigrán persoas que por diversos motivos, tanto económicos, como doutra índole, que se atopan cunha serie de limitacións que lles impide ter unha adecuada cobertura alimenticia.

O programa “xantar na casa” concíbese como un programa de atención aos colectivos de persoas maiores e persoas en situación e/ou risco de exclusión, que ten como finalidade mellorar a calidade de vida das persoas prestando un apoio dentro do propio domicilio, no que se atopan cunha serie de limitacións e que lles impide ter unha adecuada cobertura alimenticia.

Dende unha perspectiva integral este servizo ou un servizo similar proporciona a posibilidade de complementar o servizo de axuda no fogar que prestan o Concello de Nigrán e atender ás necesidades relacionadas coa alimentación de persoas maiores e outros colectivos que precisen do servizo e manter ao máximo a propia capacidade de independencia e autonomía posibilitando a permanencia nos seus propios fogares nunhas condicións aceptables, prestar máis atención e coidados ás persoas que o precisen no seu propio contorno, evitar o desarraigo ou retardar posibles institucionalizacións. Tamén, no ámbito familiar contribúe no proceso de igualdade e da conciliación da vida laboral e familiar.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal NIGRÁN DECIDE propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. O Pleno Concello de Nigrán insta ao goberno municipal e ao Alcalde a Que se dentro da carteira de Servizos Sociais do Concello de Nigrán se implante un programa, cofinanciado polas persoas usuarias, en función dos seus recursos económicos, para mellorar a calidade de vida das persoas prestando un apoio, preferiblemente dentro do propio domicilio, aquelas persoas que se atopan cunha serie de limitacións que lles impide ter unha adecuada cobertura alimenticia, orientado especialmente aos colectivos de persoas maiores, en situación de dependencia e persoas en situación en risco de exclusión.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide: Trátase dun servizo social pioneiro, aínda que se pode ampliar a denominación.

D^a. M^a. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: O programa xa existe, préstao a Xunta de Galicia. Hai 162 concellos adheridos. A nosa poboación maior ten esta necesidade. Explica como funciona e o que custa o servizo. Se o fai o Concello tería que financiarlo íntegro. Nigrán non se adheriu porque ninguén o pediu. Pero están a favor.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Se hai persoas necesitadas haberá que atendelas, pero o carácter aberto pode complicar a xestión. Poderíase esperar a ter a guía de carencias. A idea pode ser boa pero faltan datos.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Parécelle ben que se preste este servizo. Se hai unha posibilidade de concertalo coa Xunta, mellor. As veces a xente descoñece a posibilidade.

Sr. Alcalde-Presidente: Parécelle ben a iniciativa.

Sr. Mosquera Nogueira: É un programa de mínimos. A situación non é a doutras épocas.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.7.- PARCELA NA RAMALLOSA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2016, acordou ditaminar favorablemente a moción presentada sobre este asunto polo voceiro do grupo municipal UCN.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Resume as razóns da proposta. Podería alterarse a orde dos puntos da parte dispositiva. A situación do inmovible é deplorable e as dificultades de negociación tamén son claras.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Parece que o obxectivo da moción é preocupante, polo que supón de interferencia na propiedade privada. Pregunta por que esta propiedade precisamente, cando hai outras edificacións nesta situación. Os remedios para a sucidade e maleza son outros. Non hai precedentes dunha ruína de oficio coma esta. Pensa que debe abrirse unha reflexión.

D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide: De acordo co punto 2 e



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

dúbdidas sobre o punto 1. Apoiarán á vista do cambio de orde das propostas.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Está a favor de que se exploren as posibilidades de remediar esta situación. Non está tan de acordo coa declaración de ruína. Ao mellor podería aproveitarse a edificación para fins de interese público. Pensa que o relativo ao da ruína admite cautelas.

Sr. Fernández Comesaña: A moción está aberta e supeditada a informes. A liña é a da prudencia, buscando a negociación coa propiedade. Non se pretende unha expropiación sen máis. O goberno anterior non fixo nada con isto.

Sr. Alcalde-Presidente: Cámbiase a orde dos puntos da parte dispositiva e inclúese no que era o punto 1 a expresión, "de resultar procedente".

Sr. Valverde Pérez: Non hai nada aquí que non se dea noutros casos. Sorpréndelle esta decisión. Houbo máis gobernos previos que o do PP que non adoptaron medidas.

Sr. Rodríguez Fernández: Este inmovible ten certas peculiaridades en relación a outros. Hai algo inmediato, requirir a limpeza da propiedade.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, modificando certos aspectos da proposta ditaminada, adopta o seguinte ACORDO

“Exposición de Motivos:

UNO.- En la Avda. de Portugal número 12 hay una parcela con referencia catastral 5728801NG1652N0001MR en la que existe una construcción que se encuentra completamente abandonada y con signos más que evidentes de que pudiera dar lugar por parte del Ayuntamiento al inicio del correspondiente expediente de declaración de ruina, así como llena de maleza, que al encontrarse en pleno centro urbano de A Ramallosa se hace especialmente llamativo, no solo por su aspecto estético de feísmo, sino también por el posible foco de contaminación ambiental que puede suponer para el entorno.

DOS.- No solo se encuentra colindante con la actual Plaza de Abastos de A Ramallosa, lo que dado a su deplorable estado pudiera estar generando un peligro de contaminación en las inmediaciones que diera lugar a alterar especialmente las condiciones higiénico-sanitarias, y más en concreto en la Plaza de Abastos, con los riesgos sanitarios que podría tener para los ciudadanos, sino también con el río Miñor.

TRES.- La ciada parcela según certificación descriptiva y gráfica del catastro de Bienes Inmuebles de Naturaleza Urbana, tiene una superficie de 557m2 y una superficie construida de 354m2 y valoración catastral de 108.498,68 euros, encontrándose actualmente afectada por el deslinde marítimo-terrestre de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas del Estado, así como la Ley 2/13, de 29 de mayo, de protección y uso sostenible del litoral, por lo tanto afecta al dominio público.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

CUATRO.- Teniendo en cuenta que en la ubicación actual de la Plaza de Abastos se encuentra estrangulada y carece de espacio suficiente que facilite una mayor comodidad a los usuarios, especialmente por la carencia de aparcamientos en el entorno, situación que podría mejorarse pudiendo disponer e incorporarse para el uso público la parcela de referencia.

ACUERDO:

PRIMERO.- Solicitar informes técnicos y jurídicos reglamentarios, al objeto de explorar la posibilidad de entablar negociaciones con la propiedad y el Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, tendentes a la incorporación al uso y disfrute público municipal la parcela de referencia, afectada por el actual deslinde marítimo-terrestre de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas.

SEGUNDO.- Instar al Alcalde-Presidente para que, de resultar procedente, se inicie expediente de posible declaración de estado de ruina de la construcción existente en la parcela catastral 5728801NG1652N0001MR, sita en Avda. Portugal número 12 (A Ramallosa).

I.8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UCN SOBRE XESTIÓN E RECADACIÓN DAS SANCIONS DE TRÁFICO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2016, acordou ditaminar desfavorablemente a seguinte moción presentada polo voceiro do grupo municipal UCN

“Exposición de Motivos:

UNO.- Que desde hace años se viene prestando de forma externalizada y mediante contrato de colaboración y asistencia técnica la gestión de las Multas de Tráfico a una empresa privada. Actualmente se gestiona al amparo del expediente de contratación denominado "Colaboración e Asistencia Técnica para a Xestión dos expedientes sancionadores por Infracción das Normas de Tráfico, circulación de vehículos e Seguridade Vial", que fue adjudicado definitivamente por Decreto Alcaldía el 7 de noviembre de 2012 a la empresa "SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL, SL.", por un período de cuatro años y un precio total de 195.000€ más IVA, formalizándose el correspondiente contrato el día 1 de Diciembre de 2012, cuyo plazo finaliza el próximo día 30 de Noviembre de 2016.

DOS.- La Diputación Provincial, a través del ORAL viene prestando colaboración con los Ayuntamientos de la Provincia en la gestión y recaudación de Impuestos y Tasas municipales, tanto en período voluntario como ejecutivo, encontrándose también la gestión del servicio de Multas de Tráfico y Seguridad Vial.

TRES.- Al tratarse de un servicio que puede ser prestado de forma directa por la Administración, carece de toda lógica seguir encomendando su gestión a una empresa privada, teniendo en cuenta además, que el ORAL es un Ente supra municipal y dispone de mayores medios y recursos para la gestión del cobro, no solo en vía voluntaria, sino también en vía ejecutiva, por lo que la eficacia del servicio puede resultar todavía mayor, e incluso a un menor costo de gestión.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

CUATRO.- El Ayuntamiento de Nigrán tiene delegado en la Diputación Provincial (ORAL), la gestión recaudatoria del Impuesto sobre Bienes Inmuebles (IBI), tanto en período voluntario como en ejecutivo, así como también la recaudación de todas las Tasas e Impuestos municipales en vía ejecutiva, por lo que parece razonable delegar también la gestión de las Multas de Tráfico, sancionadas por la Policía Local.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente, ACUERDO:

ÚNICO.- Instar al Sr. Alcalde-Presidente a iniciar expediente para delegar en la Diputación Provincial (ORAL), la gestión y recaudación en período voluntario y ejecutiva de los expedientes sancionadores por Infracción de las Normas de Tráfico, circulación de vehículos y Seguridad Vial, denunciados por la Policía Local y someter al Pleno de la Corporación, para su aprobación en su caso.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Le a proposta e os seus antecedentes. So se trata de iniciar o expediente. Terán que emitirse os informes pertinentes. Ademais, de prestarse por unha entidade pública e non privada cun custe inferior, pensa que o momento é oportuno e a solución beneficiosa.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Pide un pequeno cambio na redacción. Hai outras opcións que pasan por contar con informes valorando as alternativas.

Sr. Fernández Comesaña: Aposta pola xestión pública total. Foi o PP o que privatizou o servizo e por iso intenta manter este réxime.

D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide: Non se sabe se é a mellor opción, pero é un paso para mellorar. Están a favor.

Sr. García Pazos: Non foi o PP o que privatizou o servizo. A FEMP é unha entidade pública e tamén presta o servizo, o mesmo que o ORAL.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Parécelle unha boa opción a da delegación. Se hai aforro aínda máis. Os informes económicos son necesarios.

Sr. Alcalde-Presidente: Están de acordo coa proposta do PP de que se pidan informes previos. Ademais tamén está a alternativa da FEMP. Parécelle máis sensato pedir eses informes.

Sr. Fernández Comesaña: Entende que os custos favorecen a súa proposta. Acepta que quede sobre a mesa para pedir informes e que con eles veña ao Pleno.

Votación e acordo sobre a proposta de deixar o asunto sobre a Mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar o asunto sobre a Mesa.

I.9.- TRANSFERENCIA DA AP-9 E LIBERALIZACIÓN DA PEAXE DA AG-57

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 17 de novembro de 2016, previa declaración de urxencia, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo voceiro do grupo municipal BNG

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos saíría case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruinosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación de Nigrán tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa legislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza.

Ademais tamén para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

A maiores, esta situación vese especialmente agravada no Val Miñor, xa que a vía de conexión natural coa AP-9, a autoestrada do Val Miñor, AG-57, é tamén unha estrada de pago, gravando aínda mais os desprazamentos dos veciños e empresas miñoráns e evitando, por mor das peaxes, que constituía unha verdadeira vía de circunvalación do Val e de conexión co polígono de Porto do Molle.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal de Nigrán: ACORDA

1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.
2. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.
3. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.
4. Instar á Xunta de Galiza a iniciar os traballos para o rescate e liberalización das peaxes da AG-57, co fin de convertela nunha auténtica circunvalación do Val Miñor.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Razoza sobre os fundamentos da proposta. Trátase de que o Concello se sume ao consenso acadado no Parlamento de Galicia e de avogar polo debate no Parlamento do Estado desta cuestión e tamén de conseguir que a AG-57 sexa unha circunvalación do Miñor.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Comparte a iniciativa. Parece que a Xunta está nesta liña. Hai comarcas que xa gozan da gratuidade. Apoiarán a proposta.

D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide: Están de acordo coa moción e discrepan coa posición do goberno central. Votarán a favor.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: O da AP-9 é unha cuestión allea á competencia municipal. O aspecto da AG-57 aféctanos máis. Votará a favor.

Sr. Alcalde-Presidente: Votarán a favor.

Sr. Rodríguez Fernández: O seu grupo esta para ocuparse das cousas que afectan aos nosos veciños. E isto afecta á economía de moita xente de aquí. Pensa que está xustificado.

Votación e acordo.- Coa conformidade unánime dos dezasete membros que compoñen a



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Corporación, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.10.- MOCIÓN DE URXENCIA.

APLICACIÓN DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS AO TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA, ANOS 2013 E 2014

Formulada pola Alcaldía en escrito de 24 de novembro do 2016, co seguinte texto:

Vistos os elevados incrementos das cotas tributarias, que foron modificadas en 2012 e serán aplicables en 2013 e 2014, indicadas na ordenanza fiscal reguladora no Concello de Nigrán da taxa por entrada de vehículos ao través das beiravías e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase (BOP número 248, do 28.12.2012).

Tendo en conta que o Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 25.09.2014, aprobou a modificación da ordenanza fiscal antes citada (BOP número 200, do 16.10.2014) reducindo as cotas tributarias aplicables a partir do día 01.01.2015.

Tendo en conta que non foron postos ao cobro os padróns de contribuíntes da taxa mencionada desde o ano 2013 ao 2016, ambos inclusive.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos aos obrigados ao pago da taxa en 2013 e 2014, e igualar os importes das cotas tributarias nos dous anos citados ás correspondentes aos anos 2015 e 2016.

Esta Alcaldía proponse ao Concello Pleno adopción do seguinte acordo:

Aplicar para os padróns de contribuíntes dos anos 2013 e 2014 da taxa por entrada de vehículos ao través das beiravías e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase, as cotas tributarias indicadas na ordenanza fiscal reguladora da taxa citada publicada no BOP número 200, do 16.10.2014.

Deliberación sobre a urxencia. Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: A urxencia deriva de que hai que resolver a cuestión antes de fin de ano, entendendo que a corrección é necesaria para non ocasionar á veciñanza un gasto desproporcionado.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica o fondo da cuestión. Pensa que a cantidade é desmesurada. Os recibos prescriben. A taxa modificouse.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Non se sabe se é viable xuridicamente. Os corporativos deben saber que votar.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A proposta da Alcaldía é aplicar a taxa e isto é competencia del. Por iso non van votar a moción.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Este é un problema advertido. O PP non tivo a valentía de resolvelo. É unha competencia do Alcalde. O PP creou o problema, agora que o resolva. Non sabe se é legal ou non, non votará.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Pídelle respecto e rigor ao portavoz de UCN. A moción é ilegal e por iso non votarán.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: O PP non pasou ao cobro os recibos. O problema agora é a prescrición. A proposta pensa que é competencia da Alcaldía. Absterase a falta de informes que a avalen.

Sr. Alcalde-Presidente: É unha decisión complicada. O goberno no quere estafar aos veciños. Dálle a palabra ao Interventor.

Sr. Interventor: Indica que nun informe desta mesma data formulou reparos á proposta por entender, en síntese, que comporta a improcedente irretroactividade da ordenanza; altera pola vía de feito a relación xurídico-tributaria; produce beneficios fiscais non amparados legalmente; supón un prexuízo económico que o Concello non debe soportar e afecta negativamente aos orzamentos xerais do Concello para os anos 2016 e 2017 e tamén á estabilidade orzamentaria, ao tempo que incumpre diversos preceptos legais, que cita.

O Secretario Xeral, que coñece neste momento a proposta, entende que a mesma colide cos principios de legalidade e interdicción da arbitrariedade ao preverse unha actuación singular que contradí o disposto nunha norma.

Sr. Alcalde-Presidente: Están convencidos de que gobernar supón arriscarse. Buscan corrixir un abuso.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Tras votación ordinaria, precedida da indicación da Presidencia de que o voto favorable comporta o levantamento dos reparos formulados pola Intervención, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; BNG.

Os integrantes dos grupos Popular, Nigrán Decide e UCN (9 en total) non votan.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Moción.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 3 de outubro de 2016 e o 30 de outubro de 2016, ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

Acabo de enterarme de que vostede acolleu unha proposta da asociación de empresarios sobre unha solicitude dun área de ocio nocturno veraniego en Porto do Molle. Que hai de certo nisto?

Sr. Alcalde-Presidente: É unha noticia que sae no Atlántico Diario que descoñezo totalmente.

Sr. Valverde Pérez: Non hai esta proposta por parte dos empresarios? Piden unha área de ocio nocturno veraniego en Porto do Molle, din que o turismo escápase a zonas que atenden esta demanda. E máis abaixo di que foi precisamente o Alcalde de Nigrán, Juan González, quen recolleu o guante e deixou entrever que Porto do Molle podería ser unha opción válida para un proxecto destas características. É todo mentira?

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai proposta.

2.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

2.1. Non lle vou a facer unha pregunta máis neste Pleno ata final do mandato, nin por escrito nin de palabra, porque o resultado é o mesmo. Repasei e en moitas pon que xa contestará. O mes pasado tiveron que repasar todas as anteriores, e na práctica vostede debería -senón no mesmo Pleno, no Pleno seguinte- darme contestación. Ás veces teño que revisar sete meses atrás o que lle preguntei, co que non vale para nada. O único que valen son uns rogos que lle vou facer.

2.2. Que se me conteste por escrito á solicitude de información presentada por rexistro con data 8 de setembro de 2016 e número de entrada 11.647, sobre duración temporal efectiva de cada unha das actividades deportivas e culturais das escolas municipais no curso 2015/2016.

2.3. Que se me conteste á solicitude de información realizada por escrito con número de rexistro de entrada 12.211, con data 21 de setembro de 2016, sobre información técnica que avala os decretos de adxudicación de contratos.

2.4. Que se me conteste á solicitude de información realizada por escrito de data 21 de setembro con número de rexistro 12.210, en relación a información escrita sobre



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

actas de Xuntas deliberantes da Comisión de Goberno e informes técnicos que sustentan as decisións.

2.5. Que se me conteste por escrito á solicitude de información realizada a través de escrito con data de rexistro de entrada de 21 de setembro, número 12.213, pedindo información sobre licencias de actividade.

2.6. Que se me conteste á solicitude de información contida no escrito presentado con data 24 de outubro, con rexistro de entrada 13.540, no que se solicitaba copia dos expedientes de contratación 2016/073C, 2016/105C, 2016/114C, 2016/119C, 2016/133C e o expediente administrativo íntegro da contratación das obras denominadas redución de vertidos de augas pluviais no río Río Muíños.

2.7. Nalgúns escritos dos que lle presenteí fixen un resumo técnico xurídico dos dereitos como concelleiro de forma individual que me amparan, e un deles é a recibir a información que lle soliciteí.

3.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

3.1. Relativo á auditoría da iluminación que se fixo en Nigrán, que facía unha proposta dun cambio na contratación das tarifas e nas potencias contratadas, cando se fixo ese cambio de contratación?

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda non se fixo.

3.2. En outubro o Concello de Nigrán organizou un curso de poda; que concellería organizou ese curso?

Sr. Alcalde-Presidente: A concellería de participación veciñal.

Sr. Cuevas Raposo: A quen iba dirixido?

Sr. Alcalde-Presidente: Ás/aos veciñas/os en xeral.

3.3. O 2 de maio foi a única pseudo reunión, porque non estaba convocado todo o mundo da mesa da biblioteca. Acordouse pedir un informe técnico sobre tres alternativas. Cinco meses despois desa reunión facilitóusenos o informe, que nós consideramos insuficiente. Entón lle pedímoslle unhas puntualizacións. Cantos meses pensa tardar en que se nos envíe ese informe?

Sr. Alcalde-Presidente: Cando o fagan os servizos técnicos. Eu non fago os informes, cando estean os trasladarei.

Sr. Cuevas Raposo: Parece que á parte de delegar o do punto anterior tamén delega a dirección da Administración

3.4. Recentemente asinou un convenio para o transporte de aparatos eléctricos. Canto se gastou no 2015 no transporte de aparatos eléctricos?

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: O aforro é no tratamento.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Sr. Cuevas Raposo: Cero, entón non vai producir ningún aforro.

Sr. García Moreira: O transporte é cero, porque o asume a empresa concesionaria de RSU.

3.5. Modifícase o contrato de AQUALIA para unhas obras que vai facer?

Sr. Alcalde-Presidente: Non hai que modificalo.

Sr. Cuevas Raposo: Cando van començar esas obras?

Sr. Alcalde-Presidente: Está pendente de que os técnicos municipais lle dean o trazado definitivo, porque hai dúbidas de se algúns camiños son públicos ou privados, e as autorizacións sectoriais dos diferentes organismos.

Sr. Cuevas Raposo: En outubro deste ano xa se sabía que non ian empezar.

3.6. Sabe que está en exposición pública o plan de usos do porto de Panxón, considera interesante que a Corporación presentemos algunha alegación?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

3.7. Existe algún criterio ou plan estratéxico relacionado co asfaltado e mellora de camiños e rúas de Nigrán ou se fai en función de criterios particulares, criterios electoralistas, ou depende de por onde se vai e senón se vai nunca poden estar os baches toda a vida?

Sr. Alcalde-Presidente: Cando hai uns baches tápanse. Despois existen criterios; aquelas vías que están en peor estado, non é necesario facer un plan para cada cousa.

Sr. Cuevas Raposo: Vostede debe ser coñecedor de varias reclamacións, coma a rúa Cortiñas, sen embargo vanse gastar agora 9.000 euros en arranxar a rúa Arquitecto Palacios e parécenme máis prioritarias as outras.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa non se vai arranxar.

3.8. O 27 de maio de 1992 publicouse unha resolución no DOG onde se anunciaba o concurso para a explotación do edificio de actividades náutico-deportivas do porto de Panxón, onde se establecía un prazo de concesión de vinte anos. No informe de xestión de portos de Galicia do ano 2013 indica que está concedida esa concesión dende o ano 1992. En vista do anteriormente exposto a concesión caducou no ano 2012, polo que lle rogo ao goberno municipal que se interese ante a Xunta de Galicia pola situación administrativa de dita concesión para saber se efectivamente está caducada ou ten prórroga. Dende o ano 2011 aproximadamente non saíu publicado nada no DOG ningún documento relativo a unha posible prórroga.

Sr. Alcalde-Presidente: Agradecerlle que como isto no lo comunicou xa por escrito, o que nos din é que non temos competencia sobre o dominio portuario, pero hoxe pedimos cita co presidente de Portos de Galicia para aclarar esta situación.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

4.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

4.1. En que situación se atopa actualmente o parking da Ramallosa onde está ubicado o supermercado DIA despois de múltiples requirimentos de cese de actividade con orden de precinto incluída, que ao parecer ten incumprido? Dispón de licenza de actividade?

Sr. Alcalde-Presidente: Está en proceso de legalización e segundo os técnicos municipais con posible legalización.

Sr. Fernández Comesaña: As ordes ditadas de paralización porque non tiña licencia levantáronse, incluso algún precinto se puxera no seu momento. Neste momento carece de licencia entón.

4.2. En fronte hai un parque público que teño entendido que a empresa adjudicataria presentou escritos ao final do 2015 e que aínda non tiveron resposta. Que problemas existen para non poder responder? Non cree que o silencio administrativo non é unha práctica boa da administración?

Sr. Alcalde-Presidente: Hai que responder, falarei cos técnicos.

4.3. Recentemente saíu na prensa que concellos limítrofes, neste caso Baiona, adheriuse ao convenio da Xunta de vivendas baleiras, non cree que podería ser interesante para os veciños de Nigrán que o concello poida adherirse tamén a este convenio?

Sr. García Moreira: Desde que nos decatamos por prensa estamos tratando coa Xunta de Galicia as posibilidades para estudar a adhesión, porque nos parece interesante tamén.

4.4. Recibiuse contestación da Xunta de Galicia, Consellería de Educación, en relación coa moción aprobada polo Pleno o 30 de xuño de 2016 solicitando a desafección das dúas vivendas de mestres en Balinra? E tamén información da situación dunha das vivendas en Dunas de Panxón?

Sr. Alcalde-Presidente: Non. Estiven co Delegado e co Conselleiro fai vinte días e dixo que inmediatamente estaría aquí.

4.5. En relación coa moción aprobada requirindo contestación a Augas de Galicia pola anulación do convenio de abastecemento de auga a Parada recibiuse resposta?

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

4.6. Dada a gravidade da decisión unilateral adoptada non sería conveniente solicitar reunión coa Conselleira de Medio ambiente para intentar buscar unha solución? Eu ofrézome a acompañalo se o estima conveniente. Non sería interesante contar coa mediación da Presidenta da Xestora do PP?

Sr. Alcalde-Presidente: Se iso axuda...

4.7. Por que se tardou tanto tempo en remitir a información solicitada pola Xerencia do Catastro da situación urbanística dos solos aptos para urbanizar e non



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

desenvoltos ou aprobados definitivamente, en aplicación da Lei 13/15, para quedar exentos do IBI, cando foi solicitada en agosto do 2015 e enviada no mes de setembro de 2016? Cal foi a razón da demora e de quen é a responsabilidade?

Sr. Alcalde-Presidente: A responsabilidade é do Goberno. Creemos, e así nolo trasladaron do Catastro, que iso non afecta a que estes solos pasen a pagar contribución rústica en vez de urbana en 2016. Hai algún veciño que fixo a reclamación en tempo e xa lle contestaron que ata 2017 non teñen medios.

Sr. Fernández Comesaña: Fixeron algunha xestión ante a Xerencia do Catastro para axilizar o expediente e aplicarse en 2016? Polo que me di, entendo que non.

Sr. Alcalde-Presidente: O departamento de Tesourería do Concello se puxo en contacto co Catastro e eu mesmo me puxen en contacto co director do Catastro para pedir unha cita e propor a axilización.

Sr. Fernández Comesaña: Vostede dixo que están asesorando aos veciños para facer alegacións. Se esas son as que están desestimando o asesoramento non foi gran cousa. Ten información de que a superficie afectada podería superar os 500.000 m² e polo tanto a existencia de moitos afectados?

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

Sr. Fernández Comesaña: Pensa facer algunha xestión?

Sr. Alcalde-Presidente: Segundo o Catastro é que non houbo tempo neste ano de incluír estes terreos en contribución rústica. En 2017 xa o van a aplicar de oficio.

5.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

5.1. Rogo que procedan á limpeza das cunetas da rúa Condomínguez.

5.2. Respecto ao informe incompleto da biblioteca, este valoraba tres posibles localizacións que non coincidían coas formuladas na reunión de maio. Non incluía a posible reforma integral da antiga escola de Cotros. E eu súpome á petición de que se realice o informe o antes posible, incluíndo a valoración da localización de Cotros.

5.3. Pediría unha posible reordenación do tráfico na Ramallosa, nas rúas Romana Alta e Romana Baixa, coa saída que ten á estrada que vai de Ramallosa a Gondomar. A min, sen os coñecementos técnicos precisos, de entrada córreseme que é unha saída bastante inútil tal e como está ideada, hai que ir á dereita ata a rotonda da Ramallosa e que non supón unha mellora para a fluidez do tráfico. De entrada, e salvo que algún informe diga o contrario, a min me parece máis práctico que en vez de saída fose entrada, o que implicaría unha reordenación dos sentidos de circulación das rúas. Vale a pena que se faga algún estudo de reordenación da zona.

5.4. No Pleno do mes de outubro pregunteille polo estado de contratación da RPT e díxoseme que estaba só pendente do informe de Intervención. Gustaríame saber como está despois de que transcorreu un mes desde entón.

Sr. García Moreira: Agora mesmo tívose que volver a iniciar a contratación da RPT.



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Houbo un informe de Intervención que xa se emitiu. Houbo un pequeno erro e se volveu a iniciar. Hoxe mesmo xa está pasado a contratación e preparado para volver a contratalo. Xa se fixeron todos os trámites, só queda que volva a continuar. Será moito mais rápido porque o informe xa está emitido. Decidimos que dado que o erro era importante para o expediente, paralo e comezar de cero, que era moito máis rápido.

Sr. Rodríguez Fernández: Podería saber en que consistiu o erro?

Sr. García Moreira: No prego técnico houbo un erro coas datas, pese a que inicialmente por parte dos técnicos e por min mesmo tomáramos a decisión de que continuáramos simplemente indicando no contrato final que había ese erro no prazo máximo de execución dos traballos, pero desde o departamento de contratación se nos recomendou que non era nada recomendable e polo tanto que o máis recomendable era empezar desde o principio. Son criterios dos técnicos. Nós intentamos, por parte dos outros técnicos e por parte miña, continuar porque era un erro ao xuízo bastante salvable, tendo en conta que cando falamos dun contrato menor neste caso a perfección do contrato se da cando se emite esa factura final, non é necesario como tal ese decreto de contratación un contrato menor, o que é necesario é que haxa unha RC, un gasto aprobado e que haxa un presuposto que ampare dito gasto.

Sr. Rodríguez Fernández: O problema é que se chegara a estas alturas co asunto así, entón un erro provoca que se siga así. Rogo que se tramite o antes posible tendo en conta que a partida orzamentaria que había para elo xa foi baleirada no seu momento.

Sr. García Moreira: Iso foi outro mal entendido bastante estendido. As partidas presupostarias están recollidas dentro dunha bolsa de vinculación. A bolsa que recollía esta partida presupostaria foi absorbida por unha partida concreta dun pago xurídico e o que se fixo foi modificar de inmediato para que tivera crédito, pero esa partida da RPT non foi nunca consumida. A bolsa de vinculación comeulle un anaco e se subsanou no momento.

Sr. Rodríguez Fernández: Pola razón que fose houbo que tirar dese diñeiro. Rogo que o fagan o antes posible, porque o BNG entre outras cousas para apoiar o orzamento valorou que este goberno manifestase a intención de elaborar dunha vez por todas a RPT. Estamos a un mes de que acabe o exercicio, senón se leva a cabo o entenderemos como un incumprimento dos compromisos que se adoptaron para aprobar o orzamento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez